


## 11. Análise da relación do contido do Plan Sectorial cos planeamentos e as normativas urbanísticas municipais vixentes

A pesar de finalizar xa o prazo para adaptar o planeamento urbanístico ao disposto na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante LOUGA), a gran maioría dos plans de ordenación actualmente en vigor quedaron obsoletos (algúns remóntanse á década dos '70 e moitos á dos '80) porque nin se acomodaron á normativa urbanística e ambiental actualmente vixente nin resultan compatibles coas mínimas esixencias de sustentabilidade económica, social e ambiental. É frecuente que, dada a data de aprobación dos citados plans, en moitos deles non se mencionen as infraestruturas de telecomunicacións como usos permitidos en ningunha clasificación de solo. Precisamente por esta razón, o artigo 33 da LOUGA, referido a usos e actividades en solo rústico, regula, con carácter xeral, dentro dos usos e actividades posibles nesta clase de solo, as "instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións", co fin de salvar esa ausencia nos plans obsoletos.

E coherentemente co anterior, dada a data de aprobación da maioría dos instrumentos de planeamento (dos 315 municipios galegos só arredor do 20% contan con plan adaptado á LOUGA), as consideracións espaciais da evolución tecnolóxica e as súas necesidades en termos de localización de antenas e outras infraestruturas de telecomunicacións son practicamente nulas.



Imaxe 10.6.1: Estado do planeamento xeral na Comunidade Autónoma de Galicia (última actualización 10/05/2011): en vermello, os municipios que contan con plan xeral adaptado á LOUGA.

Fonte: Imaxe descargada da web da CMATI.

Para poñer estas cuestións de manifesto, desenvólvense os seguintes traballos:

- Achégase, para cada un dos centros de telecomunicacións, a seguinte información:

- Figura de planeamento xeral vixente e de desenvolvemento que lle afecte, se fose o caso, e datas de aprobación, referidos a todos os concellos nos que se localicen reservas de solo previstas no Plan Sectorial para as infraestruturas existentes (RTGA), e previstas definidas e non definidas (RTGR e RTGN respectivamente).
  - Análise do planeamento xeral vixente e, se fose o caso, de desenvolvemento, para as localizacións existentes (RTGA) e previstas definidas (RTGR) que integran o Plan Sectorial, en termos de clasificación e cualificación de solo, e determinacións normativas relevantes, incluíndo os planos correspondentes.
  - Planeamento xeral en redacción e estado da súa tramitación, referidos a todos os concellos nos que se localicen reservas de solo previstas no Plan Sectorial para as infraestruturas existentes (RTGA), e previstas definidas (RTGR).
- Ponse en relación, para cada un dos concellos afectados, a data de aprobación do plan vixente e a data de implantación das infraestruturas existentes que integran o Plan Sectorial, co obxectivo de poñer de manifesto, a través da análise do plan, a capacidade, ou no seu defecto, a insuficiencia dos instrumentos de ordenación urbanística para facer fronte ás necesidades planificadoras derivadas da evolución tecnolóxica das infraestruturas de telecomunicacións.

En virtude do artigo 6 do Decreto 80/2000, os plans sectoriais deberán procurar a súa adecuación co planeamento municipal vixente no termo ou termos municipais nos que se asente a infraestrutura, sendo este un dos propósitos e premisas que rexen a redacción do presente Plan Sectorial.

En todo caso, a primeira consecuencia que, no ámbito das competencias locais, produce a aprobación definitiva dun Plan Sectorial é a necesidade de que o planeamento xeral preexistente a este instrumento de ordenación do territorio se someta e adapte ás determinacións deste último, tal e como preveñen os artigos 23 e 24 da LOTG e 45.2 da LOUGA, polo que, para os casos nos que sexa preciso, o Plan Sectorial sinala as determinacións do planeamento municipal que deban ser modificadas como consecuencia da aprobación do mesmo.

En efecto, a LOTG, no seu artigo 23, ao regular cales son as determinacións que haberán de ser recollidas na documentación que ha de figurar incorporada ao Plan Sectorial, prevén, entre outras, a adecuación co planeamento local vixente no termo ou termos municipais en que se asente a infraestrutura, dotación ou instalación, ou, no seu caso, determinacións do devandito planeamento local que han de ser modificadas como consecuencia da aprobación do Plan Sectorial, así como o prazo para realizar a correspondente adecuación, salientando no artigo 24 que as determinacións contidas nos plans sectoriais vincularán o planeamento do ente ou entes locais en que se asenten devanditos plans, que haberán de adaptarse a elas nos prazos que para ese efecto determinen.

Pola súa banda, o parágrafo segundo do artigo 45 da LOUGA, preceptúa con igual contundencia que os plans de ordenación urbanística están vinculados xerarquicamente ás determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio e aos demais instrumentos establecidos pola Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia, e deberán redactarse en coherencia con todos eles.

Dos preceptos transcritos pode colexirse, por tanto, que os planeamentos municipais cuxo ámbito estea afectado polo Plan Sectorial, haberán de ser preceptivamente adaptado ás previsións contidas no presente Plan Sectorial, ao obxecto de harmonizar as súas determinacións urbanísticas coas previsións deste último. A devandita adaptación deberá iniciarse na primeira modificación ou revisión do plan urbanístico.

E por tal razón, calquera regulamentación ou normas de natureza urbanística aprobadas polos concellos desta Comunidade autónoma que preexistan a este Plan sectorial, figuren ou non formalmente incorporadas a un concreto instrumento de planeamento urbanístico, deberán adaptarse no seu contido ao presente Plan sectorial na medida que resulten contraditorias coas determinacións deste instrumento de ordenación territorial.